



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Luz Pichel

[Ramón Nicolás 4 Setembro 2015](#)

1.– Principal trazo do seu carácter?

– Tolerancia á dor e á frustración.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

– A suma de bondade e intelixencia.

3.– Que agarda das súas amizades?

– Amor.

4.– A súa principal eiva?

– A tolerancia á dor e á frustración

5.– A súa ocupación favorita?

– Son dúas e equilibran a balanza: a poesía (lela e escribila) e coidar a casa que foi dos meus pais.

6.– O seu ideal de felicidade?

– Non sei, non entendo a pregunta.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

– Perder unha filla ou un neto, claro.

8.– Que lle gustaría ser?

– Unha muller capaz de facer aínda máis cousas ao mesmo tempo. Á noite, sentarme entre a xente a escoitar un discurso do falecido Comandante Marcos ou escoitar a meu pai, tamén falecido, facendo música con dúas culleres. Outra posibilidade: meu pai coas culleres e o Comandante co discurso, os dous a un tempo.

9.– En que país desexaría vivir?

– Nunha Galicia que respectase os carballos, que non metese as granxas nas cociñas da veciñanza. Que non fixese nunha aldea a súa casa seguindo o modelo de Falcon Crest. Que non presumise de ter enchufe para se operar no Clínico sen agardar na lista de espera. Nunha Galicia onde se respectase moi agradecidamente a xente que fala galego desde sempre, aprendendo de esa xente a súa fonética, a súa prosodia, a maneira divina que teñen de usar os pronomes sen erro e de coller as verzas sen romper a col, o seu humor limpo e intelixente que non precisa vestirse de muller para rirse. Vivir nunha Galicia que cambiase o concepto de “xente paleta” polo concepto de xente de memoria e de cultura. Nunha Galicia onde Don Antonio non se ría de Leontina porque fala castrapo, a pobre, tan ben como fala ela o castelán, que o fala moito mellor ca Don Antonio fala o Inglés ou o galego mesmamente. Gústame vivir nunha Galicia que non dixese “eu nunca serei yo” porque esa é unha expresión xenófoba, unha Galicia tranquila que non precisase levar una chapa que diga “eu falo galego”, expresión de estúpido orgullo dos bens que unha posúe, como ben se vería se alguén viñese coa chapa de “je parle français”, “I speak english, que o saibas”.

10.– A súa cor favorita?

-Depende.

11. – A flor que máis lle gusta?

-A celinda. Hai quen lle chama xasmín ou tamén azahar pero non é nada diso, é a celinda, un arbusto que se dá moi ben en Galicia, rústico, algo invasivo. O seu arrecendo ...!!!

12.– O paxaro que prefire?

-Os pardais métenseme no cuberto, levámonos moi mal. As bubelas, fermosísimas, andan sempre de dúas en dúas.

13.– A súa devoción na prosa?

-Edmundo D'Amicci (non me lembro de se é con dous “c” ou con un. Nesta aldea non hai cobertura para perder datos do móbil mirando a Wiki.)

14.– E na poesía?

– Hei de recoñecer que sempre sentín máis devoción por meu pai ca por miña nai pero nunca llo dixen a ningún deles, iso non se fai.

15. – Un libro?

-Non, moitos. *Bueno*, vale: *Corazón*, de Edmundo D'Amicci.

16.– Un heroe de ficción?

-Marco, o de “De los Apeninos a los Andes”. En serio. Pois é que de pequena non había máis ca este libro na casa, o *Corazón* de D'Amicci (será con un c soamente). Eu lía nel deseguido, case que o sei de memoria. Se me metía debaixo dunha cama para lelo non me vían chorar os meus irmáns e non se rían de min.

17.– Unha heroína?

– Miña irmá, que quedou coidando de sete irmáns con catorce anos, mentres miña nai emigrou para ese país “innombrable” que se chama Venezuela.

18.– A súa música favorita?

– A boa.

19.– Na pintura?

– A boa.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

– Na pregunta anterior sobre a heroína, non se especificaba se había de ser de ficción ou real, escollín real alí, así que agora contestarei referíndome á ficción:

A miña heroína de ficción é miña nai cando era princesa e vivía nun país marabilloso onde sempre era verán. O país chamábase Venezuela e Venezuela estaba en Barquisimeto e eu tiña catro, cinco, seis, sete, oito anos. Alí sabíase falar o castelán, alí si, e comíase froita todo ano porque iso alí era importante. Aquela miña heroína era loiriña de pelo rizo e longo, segundo a opinión de cantos a coñeceran, a máis guapa de tódalas nais, dicían, e ben seguro que pintaba as uñas de cor vermella, o mesmo ca a mestra. Seguro que cando voltase non se lle podía tocar. Vivía en Caracas, que era un sitio que había na Illa Margarita de Venezuela (Barquisimeto) nun palacio que daba a una rúa moi ancha e coidaba una rapaciña fea, filla única dunha nughallá que precisaba que a serviran un fato de “doncellas”. Gañaba cartos que se multiplicaban milagrosamente cando pasaban a chamarse pesetas. Non chegaban nunca a nada. Escribía cartas de amor vía air mail que se recibían un mes despois de que foran escritas e facían chorar de emoción a meu pai, cousa que a min me daba moitísimo pracer.

21.– O seu nome favorito?

– Non sei.

22.– Que hábito alleo non soporta?

– Non importa.

23.– O que máis odia?

– O neoliberalismo económico e toda a xuntanza de defensores de tan inxustísimo sistema disque democrático que acaba de someter á miseria a todo un país que é moito máis ca un país porque debería ser un símbolo importante para Europa. Falo de Grecia, si.

24.– A figura histórica que máis despreza?

– Hitler, como hiperónimo.

25.– Un feito militar que admire?

– Admirar? Non entendo.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

– Ter “Don” nunca foi cousa natural senón de cartos. Houbo un tempo no que había algúns lugares onde parecía que fose posible que todo o mundo puidese ir á Universidade, aínda sen cartos, e conseguir o Don. Mais iso acabou por culpa de xente con Don.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-E iso que máis ten?

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

– A preocupación.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

– Os que teñen que ver coa inxenuidade e a boa fe.

30.– Un lema na súa vida?

– Ser da aldea para pertencer ao mundo. Ser do mundo para restaurar o berce onde se naceu.